

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 30 DE XANEIRO DE 2020

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 10:05 horas do día 30 de xaneiro de 2020, réunese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada pola presidenta o 27 de xaneiro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Patricia Rodríguez Calviño

Vocais: D^a. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral
D^a. Susana Gallardo Fariña, vogal suplente do secretario xeral do Pleno
D^a. María Blanco Rodríguez, técnica de Administración xeral
D. Rubén Peña Barceló, xefe do Servizo de Deportes

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López, suplente da xefa do Servizo de Contratación

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante xuízo de valor nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo de xestión das inscricións, clasificacións e cronometraxe do circuíto Runrunvigo (19.219-333)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen conflito de intereses cos licitadores presentados a este procedemento a través da Plataforma de Contratos do Sector Público. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito con eles.

A continuación entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo de Deportes o 27 de xaneiro de 2020 de valoración do sobre A "proposición avaliada mediante xuízo de valor".

Presente na sesión o asinante do informe fai constar que os dous licitadores presentados (CRONO CHIP, S.L. e TEAM RELAY, S.L.) cumpriron cos requisitos de presentación dos criterios avaliados mediante xuízo de valor esixidos no apartado 6A do Anexo I -FEC- do PCAP. A Mesa acepta, por unanimidade, o referido informe.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

6.- Apertura económica

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo de xestión das inscricións, clasificacións e cronometraxe do circuíto Runrunvigo



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 10:34	Páxina 1 de 2
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHA848-EBB5CF-C45DA6-XDAGPT-AGUUSS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

(19.219-333)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	% desconto único a aplicar ao prezo unitario	% desconto prezo máximo apartado 5 PPT do aluguer de chip	Servizos complementarios				
				Zona control intermed. complem. en todas as probas	Monitor seguiment o clasificac. zona chegada de cada proba cun tamaño mínimo de 55''	5 Mailing masivos de promoción carreiras pedestres ou eventos en vía pública	Ampliación prazo inscrición corredores ata 48h previas á celebrac. evento	Enlace directo contorno web empresa ás principais redes sociais dos organizadores e do Concello de Vigo
1	CRONO CHIP, S.L.	30%	15%	si	si	si	si	si
2	TEAM RELAY, S.L.	15%	15%	si	si	si	si	si

Os dous licitadores presentan o orzamento detallado esixido no PCAP.

Asiste á apertura D. Javier Sánchez Álvarez, con DNI **.99.73*, en representación de TEAM RELAY, S.L. A acta de asistencia asinada figura no correspondente expediente.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 10:35 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 10:34	Páxina 2 de 2
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHA848-EBB5CF-C45DA6-XDAGPT-AGUUSS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		